



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza - Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 10.06.2024 aprobou inicialmente o Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2024, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 17 de xuño de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 1814

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 6 de xuño de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 2º bimestre do exercicio

2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no BOP durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 6 de xuño ata o 6 de agosto de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 6 de xuño de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 1815

COSPEITO

Anuncio

BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PEÓNS , UN DE SERVIZOS MÚLTIPLES E UN PEÓN CONDUCTOR, EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO, DURANTE 5 MESES CON CARGO AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS 2024 E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposiciones legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de 2 peóns, un peón conductor e un peón de servizos múltiples, en réxime de funcionario interino, por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo de 5 meses (artigo 10.1.d TRLEBEP) e creación dunha bolsa de emprego, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 dentro do programa -Programa de Reforzo do Emprego, destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, polo que os aspirantes deberán ser desempregados.

A presente convocatoria e bases será publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Deputación de Lugo e na web e sede electrónica do Concello de Cospeito.

Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica municipal.

2.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

Os postos estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

3.- FUNCIONES.

- Os postos están vinculados a área de traballos de operario conductor e operario de Servizos múltiples do concello de Cospeito, e adscritos ó funcionamento e mantemento de tódalas instalacións de propiedade municipal e en especial vías públicas, parques e xardíns, redes de auga e alcantarillado, mobiliario urbano, de que é titular o Concello.

- Calquer outro cometido que seña encargado pola Alcaldía de natureza semellante as funcións anteriormente relacionadas que puideran xurdir no servizo polo que deberá estar preparado para calquera urxencia e localizable por medio de teléfono móvil para respostar a calquera incidencia que se produza no mesmo.

A xornada laboral poderá coincidir en domingo e festivo.

A Corporación reservase a facultade de establecer no horario as modificacións que se consideren oportunas para o mellor desempeño do servizo, según as necesidades que xurdan, respetando as normas legais aplicables sobre a xornada de traballo e descansos.

4.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

1.Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

2.Ser desempleado/a ou estar en situación de mellora de emprego (requisito específico esixido polo programa de reforzo do emprego da Deputación de Lugo que financia as contratacións). Esta situación deberá acreditarse mediante Certificación expedida polo Servizo Público de Emprego na que acredite que é demandante de emprego ou que esta en situación de mellora de emprego. Dita situación deberá manterse ata o momento da sinatura do contrato laboral ou nomeamento interino

3.Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.

4.Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.

5.Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

6.Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

7.Estar en posesión da titulación de certificado de estudos primarios.

8.Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma,e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA 2, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

9. Estar en posesión do permiso de conducir tipo C, para o posto de peón conductor.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse na data na que se proceda á contratación.

5.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes para participar no procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ó Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de cinco días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria Boletín Oficial da Provincia.

A presentación de instancias por parte dos aspirantes supón a aceptación íntegra destas Bases e do seu contido.

As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura no Anexo I das presentes Bases e ir acompañadas de copia da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

- Fotocopia acreditativa da titulación académica esixida na convocatoria, neste caso, estudos primarios.
- Documentación acreditativa de atoparse na situación de desemprego ou de mellora de emprego
- Fotocopia do título de Celga 2 ou titulación equivalente.
- Fotocopia do carnet de conducir tipo C , para o posto de peón conductor.

6.-ADMISIÓN E EXCLUSIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello, outorgando un prazo de 2 días hábiles para correccións ou emenda de defectos. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello.

7.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a

correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

8.-PROCESO SELECTIVO

A selección efectuarase mediante o sistema de oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

Puntuación máxima:

Na fase de oposición valoraranse ata un máximo de 80 puntos.

Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados na páxina web do Concello de Cospeito e no taboleiro de anuncios.

Criterios de valoración na fase de oposición:

A fase de oposición consistirá na realización dun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo os contidos e cualificacións os que de seguido se describen:

- Primeiro exercicio. Práctico

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba relacionada coas funcións propias do posto de traballo: unha ou varias probas prácticas de albañilería, fontanería, manexo dos vehículos municipais, xardinería, electricidade e/ou calquera outra relacionada cas funcións do posto, durante o tempo que se determine polo Tribunal. Nesta proba valorarase especialmente a habilidade e aportación persoal do aspirante e o tempo de realización da proba.

Este exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 80 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 40 para superala.

Ao ter carácter eliminatorio, a non superación desta proba suporá a eliminación do concursante no proceso selectivo.

Publicación dos resultados do exercicio da fase oposición:

As puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da fase de oposición publicaranse na páxina web do Concello de Cospeito

Cualificación final:

A cualificación final virá determinada pola cualificación obtida na proba práctica.

En caso de empate entre as persoas aspirantes tomarase como criterio de desempate un sorteo por parte do Tribunal dos aspirantes que acadaron o empate.

9.- CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa dalgún/ha profesional destas características (operario de servizos varios) para cubrir o posto no caso de que este quede vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- a) Baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade)
- b) Baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
- c) Vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
- d) Vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado).
- e) Necesidade por motivos de acumulación de tarefas.

No caso de que algunha das circunstancias expostas anteriormente efectivamente suceda, entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Enfermidade acreditada por baixa médica por ILT ou informe médico.
- b) Embarazo de risco.
- c) Atoparse en período de permiso de maternidade ou paternidade.
- d) Atoparse desempeñando outro posto de traballo.
- e) Coidado dun familiar que se encontre a cargo dun integrante da lista, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por sí mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Ditas circunstancias deberán acreditarse nun prazo de 3 días naturais.

A orde dos aspirantes na bolsa será determinado pola cualificación final obtida no proceso selectivo en orde descendente, non entrando a formar parte da bolsa os que non superasen a proba.

Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida no punto 10 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

A duración desta bolsa será a da duración do nomeamento do concursante seleccionado.

10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Os/as aspirantes propostos/as presentará no rexistro do Concello, no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

Se o Concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentasen a documentación requirida, se o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasar a revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

11.- IMPUGNACIÓN

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo

46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso- administrativo.

ANEXO I

PROCEDEMENTO SELECTIVO		<input type="radio"/> PEÓN	<input type="radio"/> PEÓN CONDUCTOR
DATOS DO SOLICITANTE:			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
NACIONALIDADE:		DATA DE NACEMENTO:	
NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			
Notifíquese a:	Persoa solicitante		Persoa representante
<input type="checkbox"/> Medios Electrónicos:	Correo Electrónico:		
<input type="checkbox"/> Outros Medios:	Nome da Vía:		
	Número, Bloque, Andar, Porta:		
	Parroquia/Lugar:		
	Localidade/Provincia:		
	Código Postal/ País:		
Teléfono/s de contacto:			
TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:			
TITULACIÓN:		DATA DA TITULACIÓN:	
ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:			
<input type="radio"/> Si		<input type="radio"/> Non	
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:			
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.			
2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e <u>as especialmente sinaladas na convocatoria</u> , comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.			
PROTECCIÓN DE DATOS: Esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas. Responsable: Concello de Cospeito			
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:			
LUGAR E DATA:			

ANEXO II

D./dona _____,
con D.N.I. n.º _____ con domicilio a efectos de notificación en _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Cospeito, a ____ de _____ de 2024

Asdo.: _____.

Cospeito, 13 de xuño de 2024.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1813

Anuncio

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA OS POSTOS DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS PUBLICOS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE COSPEITO

1. - OBXECTO.

O obxecto destas bases é establecer as normas e procedemento xenérico para a creación dunha bolsa de emprego para cubrir as prazas de persoal laboral temporal no servizo de **limpeza de edificios públicos** que queden vacantes por motivos sobrevidos (baixas, vacacións, acumulación de tarefas, traballos estacionais,...) cando non haxa posibilidade de cubrilas doutro xeito ou mentras as mesmas non se cubran polo procedemento xeral.

Nos postos de traballo que se cubran a través destas bolsas de emprego, as persoas seleccionadas prestarán servizos, de carácter temporal, no Concello de Cospeito, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poda encomendar a alcaldía, que garden relación cos postos a desempeñar e que afecten ó funcionamento do servizo público descrito como esencial para a cobertura de necesidades prioritarias, urxentes e inaprazables.

Inda que pasen a formar parte da bolsa non se poderá asinar contrato con aquelas persoas que superen os límites de contratación temporal establecidos na normativa laboral de aplicación en cada momento.

As presentes bases publicaranse no Taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal: e realizarase un anuncio das mesmas no BOP de Lugo.

2.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidas na lista as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes e deberán gozar destes durante todo o prazo na que a mesma estea en vigor:

-Ter nacionalidade española ou alguna outra que, con arranxo ó disposto no artigo 52 da Lei 2/2015. De 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ó emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

-As persoas que posúan nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

-As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

-As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

-As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- a) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- c) Estar en posesión da titulación esixida para a praza.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

- d) Posuír coñecemento do idioma galego.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.
- f) Cumprir, no momento de formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- g) Contar con carnet de conducir en vigor e vehículo axeitado para desprazamentos.

3.- INSTANCIAS.

As persoas que desexen entrar a formar parte da bolsa para traballo temporal, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se publicará como anexo a estas bases e que se lles facilitará nas dependencias municipais e na páxina web municipal.

As solicitudes presentaránse no Rexistro Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, incluída a sede electrónica municipal (non é válido o envío a través de correo electrónico).

O prazo de presentación de solicitudes será de **dez días hábiles** contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

Coas solicitudes deberá presentarse necesariamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Copia da titulación que se esixa.
- Copia do título de galego que se valore.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso.

En caso de querer aportar documentación xa presentada no concello con anterioridade, únicamente deberán facer constar na solicitude que se teña en conta a documentación presentada indicando o procedemento no que consta.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E AVALIACIÓN.

Serán admitidas as persoas aspirantes que presenten as solicitudes no prazo indicado e reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo cos baremos establecidos nas bases.

Os méritos deberanse posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen coa presentación da instancia. **Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias nin os que non se presenten coa solicitude. (En caso de que a documentación xa conste presentada con anterioridade no concello, servirá si fan referencia na solicitude ó expediente no que figura dita documentación).**

6.- PUBLICACIÓN DAS LISTAS.

Rematada a cualificación das persoas aspirantes, elaborárase unha lista, que se exporá no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web, e contra a mesma poderán presentar reclamacións as persoas interesadas no prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte á súa exposición.

Transcurrido este prazo e, no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións que se podan presentar, publicárase a lista definitiva polos mesmos medios.

7.- PROCEDIMENTO PARA CUBRIR AS BAIXAS TEMPORAIS EXISTENTES

Cando resulte necesario cubrir unha das prazas de forma temporal, avisarase aos integrantes da lista correspondente polo orde que figuren nela.

Este aviso farase de forma individualizada para cada candidato a través de chamada de teléfono, ou correo electrónico. No caso de que, no día do chamamento non se conseguise contactar co interesado procederáse a chamar ao seguinte da lista e así sucesivamente, o mesmo que no caso de que algún manifeste a súa renuncia. Unicamente se procederá a chamar a aquelas persoas que figuren como dispoñibles, é dicir, que non estean en suspenso por algunha das causas indicadas no seguinte párrafo.

A renuncia por causa xustificada non suporá cambios na posición da listaxe, non obstante se a renuncia non é por alguna causa xustificada ou renuncia voluntariamente ao contrato unha vez iniciado este, dita persoa pasará ao final da lista.

Unha vez personado o aspirante, formalizarase o correspondente contrato coas condicións correspondentes a cada posto de traballo.

8.- VIXENCIA DAS BOLSAS DE CONTRATACIÓN.

A vixencia destas bolsas de contratación será de dous anos, inda que, dependendo do resultado, si o número de persoas existente na lista e as súas circunstancias non permiten que as mesmas sexan operativas, poderá reducirse esa vixencia e sacar unha nova convocatoria.

9.- RECURSOS.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición ante a alcaldía no prazo dun mes, previo ó contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xuzgado Contencioso-administrativo ou, a partir do día seguinte ó de publicación do seu anuncio no BOP

ANEXO I.- CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DO POSTO DE TRABALLO.

1.- Relación xurídica co concello:

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 10 e salario bruto mensual correspondente ó salario mínimo fixado en cada momento mais a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásese tamén a este tipo de contrato.

2.- Horario e condicións do posto de traballo:

Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indícaráselle polo responsable do departamento correspondente segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

3.- Titulación requirida:

Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente.

4.- Requisitos específicos:

Deberá contar con carné de conducir B e vehículo axeitado para desprazamentos.

5.- Baremo do concurso:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Experiencia profesional en postos de limpeza de edificios en concellos ou outras Administracións Públicas. Máximo 7 puntos. 0,5 puntos por cada mes completo de servizos a xornada completa. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).
- Experiencia profesional en postos de limpeza de edificios no sector privado. Máximo 3 puntos. 0,5 puntos por cada mes completo de servizos a xornada completa. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

A experiencia profesional acreditarase mediante o **correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral**, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración. **(Non se valorarán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sin os contratos correspondentes. Si os contratos xa constan no concello deben indicalo na instancia da solicitude pero deben presentar a vida laboral actualizada).**

B) FORMACIÓN:

- Por cursos realizados directamente relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

C) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 0,75 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 1 punto

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

Si non se acredita o coñecemento do idioma galego mediante un destes certificados, o concello poderá valorar dito coñecemento con proba oral ou escrita ós aspirantes correspondentes.

En caso de empate nas puntuacións da valoración, desempatarase coa puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, quedando en posición superior a persoa que teña unha maior puntuación nese apartado. Si aínda así continuase o empate, o mesmo desfarase coa puntuación acadada no apartado de formación. En último caso o desempate farase por sorteo.

ANEXO I**SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS DE LIMPEZA DE EDIFICIOS**

D./D. _____ con DNI _____,
con enderezo a efectos de notificación en _____
teléfono _____ e correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiver coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Cospeito para a creación da bolsa de emprego temporal indicada.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que fago a seguinte declaración xurada sobre os seguintes aspectos:
 - non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.
 - disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.
 - non ter sido separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.
 - non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
5. Que solicito ser incluído/a en dito proceso selectivo e para iso presento a seguinte documentación:
 - Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
 - Copia da titulación que se esixa.
 - Copia do título de galego que se valore.
 - Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia. *(A documentación que xa fora presentada con anterioridade no concello non terá que volver a presentarse pero terán que indicar na solicitude o procedemento no que se presentou dita documentación para poder admitila.)*

Sinatura: _____

Cospeito, 18 de xuño de 2024.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1816

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Número de expediente: 605/2024

Publicación relativa á aprobación do texto regulador do prezo público relativo aos campamentos de verán do exercicio 2024 no Concello de A Fonsagrada

Por acordo ditado polo órgano de alcaldía actuando por delegación plenaria de data do 11 de abril do 2024, en resolución con número 2024-0251 o día 13 de xuño do 2024, acordouse o establecemento e fixación do prezo público por prestación do servizo relativo aos campamentos de verán do exercicio 2024, o que se fai público a efectos do seu xeral coñecemento e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O texto íntegro do prezo público pode ser consultado no portal de transparencia da sede electrónica da Corporación municipal

O Concello, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Así mesmo, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este Concello a potestade regulamentaria, de autoorganización, tributaria e financeira

A entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da entidade local, sempre que non concorra ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1.B) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL, no sucesivo).

Noutras palabras, a Administración Local pode esixir o pago dun prezo público pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia, sempre que non constitúan prestacións de carácter coactivo. É esta nota da coactividade, a que marca fundamentalmente a diferenza entre a taxa e o prezo público (non se aprecia a nota da coactividade na recepción ou solicitude do servizo ou actividade administrativa que ocasiona a esixencia do prezo público, mentres que a exacción das taxas son inescusables se concorre o pagamento).

Neste senso, segundo indica o artigo 44 da citada norma o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

Con todo, a normativa permite no apartado segundo do citado precepto que cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese.

No caso que nos ocupa o Concello pretende o establecemento dun prezo público co gallo de financiar a actividade de os campamentos de verán do exercicio 2024, mon concorrendo, por tanto, ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1.B) do TRLRHL. Tampouco nos encontramos ante algún dos supostos de non suxeición e exención do artigo 21 do TRLRHL.

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades previstas para os entes locais municipais no artigo 4 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así coma nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello procede ao establecemento dun prezo público que rexerese en función do indicado no presente texto regulador.

Artigo 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible a prestación do servizo os campamentos de verán do exercicio 2024.

Artigo 3. Pagamento

1. Devindícase o prezo público e nace a obrigaón de pago, desde o momento en que se inicie a prestación do servizo.
2. Para estes efectos, entenderase iniciada a prestación do servizo no momento en que o usuario solicite dita prestación mediante a presentación da oportuna solicitude.

Artigo 4. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas que reciban e beneficiense do servizo indicado no artigo segundo do presente texto regulador e que se presta por este Concello.

Artigo 5. Responsables

Responderán solidariamente as obrigaóns do suxeito pasivo, as persoas físicas titoras ou responsables legais daquel.

Artigo 6. Cota

1. Establécese como cota a abonar polos interesados 75,00 € a quincena e 150,00 € o mes completo.
2. Sobre as cotas dispostas aplicarase unha bonificación do 50% para as familias numerosas que así o acrediten debidamente de conformidade coa Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas.
3. A referida bonificación contará con carácter rogado, para o cal será necesario que o interesado aporte a seguinte documentación:
 - 3.1. Copia do documento de identidade da persoa solicitante;
 - 3.2. Copia do título de familia numerosa.

Artigo 7. Normas de xestión

1. As persoas interesadas na prestación do servizo, deberán cumprimentar o modelo de solicitude que se facilitará desde o Concello.
2. O pago público esixirase a réxime de autoliquidación. O interesado deberá acompañar á solicitude para a matriculación das Actividades de ocupación de tempo libre de verán, copia do recibo acreditativo do pago do prezo público nos termos sinalados no apartado seguinte.
3. O pago da cota realizácese, ao comezo da prestación do servizo nos termos anteriormente sinalados, mediante ingreso na conta bancaria indicada ao solicitante. Non se dará curso ás solicitudes de matriculación que non veñan acompañadas do xustificante do pago do prezo.
4. As baixas na prestación do servizo haberán de cursarse mediante escrito dirixido ao Concello, no que farán constar a data efectiva da baixa, non habendo lugar a devolución da parte da cota correspondente ao mes en curso, conforme o sinalado no número anterior.
5. Os obrigados ao pago terán dereito á devolución do prezo público abonado cando a actividade de que trae causa o presente prezo público non se desenvolva por causa imputable ao Concello. Enténdase por causa imputable ao Concello a orixinada exclusivamente por vontade municipal e que non veña motivada, promovida, ocasionada ou provocada por cuestións alleas á vontade da Corporación ou a condutas ou comportamentos dos interesados.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Esta acto administrativo regulador dun prezo público produce a revogación e retirada automática de calquera outro acto administrativo contrario ao indicado na presente publicación.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente acto administrativo regulador dun prezo público entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir da súa entrada en vigor, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Fonsagrada, 14 de xuño de 2024.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1817

Anuncio

Procedemento:Aprobación dun Padrón Fiscal

Expediente número: 607/2024

Aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de maio do 2024

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 19 de xuño de 2024, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrència ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de maio de 2024, polo importe total de 13.444,55€ (dependencia) e 279,40€ (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 19 de xuño de 2024.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1818

LÁNCARA

Anuncio

De conformidade co decreto de 19 de xuño de 2024 faise pública a convocatoria para selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais no marco do “Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Láncara para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural”:

- Tres condutores de VMB.

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica do Concello de Láncara na seguinte dirección <https://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación.

Láncara, 19 de xuño de 2024.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1819

LUGO

Anuncio

Por Decreto número 5447/2024 do 6 de xuño apróbase o procedemento de licitación para a **AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN NA RÚA PURO CORA DOS POSTOS DE VENDA DA FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA “GASTROARTE” DAS FESTAS DE SAN FROILÁN DOS ANOS 2022 E 2023 EXP. REF. 2023-C005-000008. APERTURA DE NOVO PRAZO DE LICITACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE POSTOS VACANTES NO ANO 2024 CON SUXEIÇÃO ÁS BASES APROBADAS POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NUM. 28/507 DE 5 DE XULLO DE 2023.**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** Regular a concesión de autorizacións para a instalación dos postos de venda da Feira de Artesanía e Gastronomía “Gastroarte” das Festas de San Froilán 2024, que se sinalan a continuación:

- Posto núm. 5
- Posto núm. 14
- Posto núm. 15
- Posto núm. 16

- Posto núm. 17
- Posto núm. 18
- Posto núm. 19
- Posto núm. 20
- Posto núm. 21
- Posto núm. 22
- Posto núm. 23
- Posto núm. 30

b) Prazo de duración: Durante as festas do San Froilán do ano 2024.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto.

4.- Tipo de licitación:

O prezo de licitación dos postos da feira establece de conformidade coa Ordenanza Fiscal nº 152 "Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública", artigo 4, epígrafe E, apartado C.

Conforme ao disposto pola Comisión de Festas do Concello de Lugo, mantéñense os prezos vixentes nos últimos anos baseados nos aprobados no ano 2016 (Decreto nº 16005619 do 15/07/2016), podendo ser revisados para ser actualizados conforme o prezo de mercado e as taxas municipais vixentes.

Así, os importes inherentes á adxudicación dos postos na feira son para o ano 2024:

a) Prezo público de uso de stand	507,08 euros
b) Taxa por ocupación de vía pública (Ordenanza Fiscal núm. 152)	97,55 euros
c) Fianza	100 euros
Importe TOTAL-----	704,63 euros

5.- Garantías:

a) Provisional: 100 € por cada un dos postos aos que se presente.

b) Definitiva: 100 € por cada posto autorizado.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44

e) Dirección internet:

(https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOV10%3D.)

f) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos dos contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados nas bases técnicas.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: O prazo de presentación de proposicións será de **VINTE días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula oitava das bases técnicas.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, por correo postal, ou nos lugares indicado no artigo 16 da LPACAP.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrárase ó **segundo día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación agás modificación publicada con antelación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por medio distinto ao rexistro de entrada do Concello.

No caso de que a apertura e exame da documentación se realice en día distinto ó sinalado anteriormente, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

10.- Outras informacións: As que se recollen nas bases técnicas.

Lugo, 19 de xuño de 2024.- O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, (por suplencia), Miguel Fernández Méndez.

R. 1820

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

CONTRATACIÓN DE CATRO PEONS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS

Mediante Resolución de Alcaldía do 19/6/2024, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento de selección para contratación, por un período de tres meses, de catro peóns para labores de vixilancia, prevención e defensa de incendios forestais. O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal (www.concellodenegueira.es) e no taboleiro de anuncios (planta baixa da Casa Consistorial do Concello de Negueira de Muñiz, sita na Praza Maior s/n, 27113 de Negueira).

Negueira de Muñiz, 19 de xuño de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Braña Pereda.

R. 1821

SARRIA

Anuncio

O día 19/06/2024, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2024-0963, aprobou as **BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 AUXILIAR DE TURISMO, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DURANTE 6 MESES CON CARGO AO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS 2024 E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.**

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 AUXILIAR DE TURISMO, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DURANTE 6 MESES CON CARGO AO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS 2024 E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposiciones legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 13 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.
- Acordo marco municipal para o persoal do Concello de Sarria de 1991.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de 1 auxiliar de turismo, en réxime de persoal laboral temporal, por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo de 6 meses (artigo 15.2 do Estatuto dos Traballadores) e creación dunha bolsa de emprego, ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2024, dentro do programa B.3-Programa de Programa de Reforzo do Emprego, destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, polo que os aspirantes deberán ser desempregados ou estar en situación de mellora de emprego.

A presente convocatoria e bases será publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Deputación de Lugo e na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>

Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica municipal. <https://sarria.sedelectronica.es>

2.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

Os postos estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

3.- FUNCÍONS DOS POSTOS DE TRABALLO

En xeral, realizarán funcións de apoio e colaboración aos informadores turísticos na atención e información das persoas que acudan á oficina de turismo, xa sexa de xeito presenza, vía mail ou telefónico.

As principais funcións serán as seguintes:

1. Atender as consultas dos visitantes e xestión da Oficina Municipal de turismo, incluída a estadística.
2. Manter actualizada a información turística do concello.
3. Colaboración na xestión de redes sociais e páxina web.
4. Ofrecer material promocional ao visitante de maneira gratuíta
5. Colaboración e asistencia cos informadores/as turísticos/as na promoción de actividades do Concello.
6. Dar soporte na realización de campañas publicitarias do concello.
7. Dar soporte na organización de eventos de promoción turística.
8. Participación nas Feiras e exposicións nos stands de promoción turística do concello.
9. Calquer outra función ou tarefa que se considere necesaria para o correcto funcionamento da Oficina de Información Turística de Sarria, incluída apertura e peche da mesma e a colaboración na instalación das exposicións que regularmente acolle.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

1. Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

2. Ser **desempregado/a ou estar en situación de mellora de emprego** (requisito específico esixido polo programa de fomento do emprego da Deputación de Lugo que financia as contratacións). Esta situación deberá acreditarse mediante declaración xurada do aspirante e aportando vida laboral actualizada á data de presentación de solicitudes. Dita situación de desempregado/a deberá manterse ata o momento da sinatura do contrato laboral.
3. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.
4. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
5. Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
6. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
7. Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria ou Técnico/a (Formación Profesional de Grao Medio) ou equivalente, ou en condicións de obtelo antes da finalización do prazo de presentación de instancias. No caso de achegar un título equivalente aos esixidos, deberase acompañar certificado expedido por órgano competente na materia, que acredite a citada equivalencia.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse na data na que se proceda á contratación.

5. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes para participar no procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ó Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **durante o prazo de cinco días naturais**, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria Boletín Oficial da Provincia.

A presentación de instancias por parte dos aspirantes supón a aceptación íntegra destas Bases e do seu contido.

As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura no **Anexo I** das presentes Bases e ir acompañadas de copia da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

- Fotocopia acreditativa da titulación académica esixida na convocatoria.
- Documentación acreditativa de atoparse na situación de desemprego ou de mellora de emprego
- Fotocopia do título de Celga 3 ou titulación equivalente.

6.-ADMISIÓN E EXCLUSIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de **10 días naturais**, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de **2 días naturais**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

De non presentarse reclamacións, a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva.

7.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se

aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

8.-PROCESO SELECTIVO

A selección efectuarase mediante o sistema de oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

Puntuación máxima:

Na fase de oposición valoraranse ata un máximo de 20 puntos.

Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>

Criterios de valoración na fase de oposición:

A fase de oposición consistirá na realización de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo os contidos e cualificacións os que de seguido se describen:

- Proba teórica escrita:

Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre aspectos xerais da Constitución Española, Administración Local e de Procedemento Administrativo así como sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver (parte xeral e especial sinalada no **Anexo II**).

O tempo máximo para realizar esta proba será de 30 minutos.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio. **Cualificarase de 0 a 10 puntos**, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta correcta terá un valor de 0,50 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas (mal contestadas) descontarase unha. As respostas en branco non descontarán.

Ao ter carácter eliminatorio, a non superación desta proba suporá a eliminación do concursante no proceso selectivo.

- Proba práctica oral:

Consistirá en desenvolver durante un tempo entre 5 e 10 minutos unha conversa, en idioma inglés ou francés (segundo o idioma elixido que deberá constar na solicitude) diante do Organo de selección que estará asistido de asesor/a titulado/a nesta lingua e que formulará a proposta de cualificación correspondente ao órgano de selección.

A proba é obrigatoria e eliminatoria. **Valorarase de 0 a 10 puntos**.

Deberá obterse un mínimo de 5 puntos para superar a mesma.

- Exercicio. Idioma galego

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que: “...para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Polo tanto, o exercicio consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un texto, facilitado polo Tribunal, de castelán para o galego ou de galego para o castelán.

Esta proba terá unha duración de 10 minutos e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega, mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude do curso de perfeccionamento da lingua galega ou Celga 3, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

A criterio do tribunal, as probas poderanse realizar todas na mesma data, varias na mesma data ou en distinta data.

Publicación dos resultados dos exercicios da fase oposición:

As puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da fase de oposición publicaranse na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>

Concederáse un prazo de **3 días naturais para os efectos de alegacións** polos aspirantes, que se contará desde a data de publicación dos resultados dos exercicios da fase oposición no Taboleiro de edictos dixitais do Concello.

Rematado o prazo de alegacións, e resoltas estas, o Tribunal publicará os resultados definitivos dos exercicios da fase de oposición na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es> e elevará á Alcaldía a proposta de contratación das persoas seleccionadas.

Cualificación final:

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións obtidas nas probas da oposición.

En caso de empate entre as persoas aspirantes tomarase como criterio de desempate un sorteo por parte do Tribunal dos aspirantes que acadaron o empate.

9.- CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa dalgún/ha profesional destas características (auxiliar de turismo) para cubrir o posto no caso de que este quede vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- a) Baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade)
- b) Baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
- c) Vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
- d) Vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado).
- e) Necesidade por motivos de acumulación de tarefas.

No caso de que algunha das circunstancias expostas anteriormente efectivamente suceda, entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Enfermidade acreditada por baixa médica por ILT ou informe médico.
- b) Embarazo de risco.
- c) Atoparse en período de permiso de maternidade ou paternidade.
- d) Atoparse desempeñando outro posto de traballo.

e) Coidado dun familiar que se encuentre a cargo dun integrante da lista, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por sí mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Ditas circunstancias deberán acreditarse nun prazo de **3 días naturais**.

A orde dos aspirantes na bolsa será determinado pola cualificación final obtida no proceso selectivo en orde descendente, non entrando a formar parte da bolsa os que non acadasen unha puntuación superior á metade da cualificación máxima posible.

Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida no punto 10 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

A duración desta bolsa será a da duración da contratación da persoa seleccionada.

10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Os/as aspirantes propostos/as presentará no rexistro do Concello, no **prazo de tres días hábiles** contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

Se o Concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentasen a documentación requirida, se o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasar a revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

11.- IMPUGNACIÓN

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

ANEXO I (INSTANCIA)

PROCEDEMENTO SELECTIVO: AUXILIAR DE TURISMO. PLAN ÚNICO 2024			
DATOS DO SOLICITANTE:			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
NACIONALIDADE:		DATA DE NACEMENTO:	
NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa solicitante	<input type="radio"/> Persoa representante	
<input type="checkbox"/> Medios Electrónicos:	Correo Electrónico:		
<input type="checkbox"/> Outros Medios:	Nome da Vía:		
	Número, Bloque, Andar, Porta:		
	Parroquia / Lugar:		
	Localidade / Provincia:		
Código Postal / País:			
Teléfono/s de contacto:			
TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:			
TITULACIÓN:		DATA DA TITULACIÓN:	
ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA: <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non		IDIOMA ELEXIDO PARA A PROBA ORAL:	
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:			
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.			
2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e <u>as especialmente sinaladas na convocatoria</u> , comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.			
PROTECCIÓN DE DATOS: Esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas. Responsable: Concello de Sarria			
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:			
LUGAR E DATA:			

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA

ANEXO II – TEMARIO**A) Parte Xeral:**

Tema 1.A Constitución Española de 1978: Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- A Administración Local. As Entidades Locais. Clases. Competencias. Organización: órganos necesarios e órganos complementarios.

Tema 3. O Municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento.

Tema 4.- O Persoal ao servizo da Administración Local. Dereitos e deberes dos funcionarios.

Tema 5. A Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das AA.PP. O Procedemento Administrativo. (Título preliminar. Títulos I e II.)

B) Parte específica:

Tema 1.- Coñecemento do termo municipal de Sarria: Estrutura do municipio. Número e nome das parroquias existentes. Historia, lugares de interese, espazos turísticos.

Tema 2- Coñecemento xeral dos recursos turísticos, culturais, naturais, deportivos e etnográficos do municipio Sarria.

Tema 3- A oferta hostaleira e a riqueza gastronómica en Sarria.

Tema 4- A relevancia do Camiño de Santiago en Sarria: Sarria a vila do camiño.

Tema 5.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia: organización e competencias da Administración Galega; dereitos e obrigas dos usuarios turísticos; recursos, organización e calidade turísticos; dereitos e obrigas das empresas turísticas; requisitos para o exercicio de actividades e prestación de servizos turísticos; empresas de aloxamento turístico; empresas de restauración; empresas de intermediación; inspección turística.

Tema 6- Segittur: que é; funcionamento; de quen depende; obxectivos e eixos de actuación.

Sarria, 19 de xuño de 2024.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1822

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

BASES Y CONVOCATORIA PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA ACTUACIONES DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO EN EL "CONJUNTO HISTÓRICO Y ZONAS DE RESPETO" EN EL CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

BDNS (Identif.): 769259

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/769259>)

Primero. Objeto. Estas bases, de acuerdo con lo establecido en el artículo 14 de la ley 9/2007 de 13 de junio de Subvenciones de Galicia (LSG), tiene por objeto regular el procedimiento para participar en el programa de ayuda a las actuaciones de rehabilitación a nivel de barrio, previsto en el Real decreto 853/2021, de 5 de octubre, por el que se regulan los programas de ayuda en materia de rehabilitación residencial y vivienda social del PRTR publicado en el Boletín Oficial del Estado núm. 239, de 6 de octubre (en adelante RD 853/2021) y la Resolución de 8 de julio de 2022 por la que se regula el procedimiento para participar en el Programa de ayuda a las actuaciones de rehabilitación a nivel de barrio del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, (R.08.07.22) financiado por la Unión Europea- NextGenerationEU y se abre el plazo de participación para la anualidad 2022 en aplicación del RD 853/2021 en la Comunidad Autónoma de Galicia.

La finalidad de estas ayudas es financiar obras o actuaciones en las que se obtenga una mejora acreditada de la eficiencia energética, con especial atención a la envolvente edificatoria en los edificios de tipología residencial colectiva, incluyendo sus viviendas, y en las viviendas unifamiliares, incluidas dentro del Entorno Residencial de Rehabilitación Programada del "CONJUNTO HISTÓRICO Y ZONAS DE RESPETO", en el Concello de Monforte de Lemos.

Segundo. Bases reguladoras.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de SUBVENCIONES. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos o en la web www.monfortedelemos.es.

Tercero. Cuantía.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 580.869,57 €.

Cuarto. Plazo de presentación de las solicitudes.

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto hasta el 30/12/2025..

Monforte De Lemos, 10 de junio de 2024.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1823
